

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0239	Instalacións solares fotovoltaicas	2025/2026	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	DAVID SAAVEDRA SÁNCHEZ (Subst.)
Outro profesorado	DAVID SAAVEDRA SÁNCHEZ

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación desenvólvese en cumprimento do establecido na Orde do 12 de xullo de 2011 e conforme ao Anexo XIII de dita orde, para o desenvolvemento do currículo galego do Ciclo Formativo de Grao Medio de Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas, establecido no Decreto 28/2010 do 25 de febreiro.

En relación á contorna produtiva, Santiago de Compostela é capital a administrativa, sede universitaria e unha cidade esencialmente de servizos na que se localizan empresas do sector eléctrico de diversa índole. Neste sentido cabe sinalar a posibilidade de colaboración co INEGA para o estudo da normativa e procedementos relacionados coas ISFV, as sinerxias que se poden establecer co grupo de investigación e o máster relacionado coas enerxías renovables da USC e diversas colaboracións con empresas relacionadas coas enerxías renovables como proveedoras, instaladoras ou oficina técnica.

O módulo de Instalacións Solares Fotovoltaicas capacita ao alumnado para as cualificacións e unidades de competencia parciais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título:

a) Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas ENA261_2, (Real decreto 1114/2007, do 24 de agosto).

UC0836_2. Montar instalacións solares fotovoltaicas.

UC0837_2. Manter instalacións solares fotovoltaicas

O momento socio-político actual de potenciación das enerxías renovables como alternativa ás enerxía fósiles e a lexislación favorable ao autoconsumo e produción distribuída, fan que haxa unha alta demanda de instaladores eléctricos con formación en instalacións fotovoltaicas, o que dá especial relevancia a este módulo dentro do ciclo formativo.

As ensinanzas do módulo desenvólvense no propio centro en dous trimestres (1º e 2º) do 2º curso e é moi conveniente dispoñer da base teórica e práctica proporcionada polos módulos de Electrotecnia 1º curso para o seu seguimento. A continuación, ao tratarse dun ciclo DUAL, o alumnado realizará a súa estada na empresa onde levará a cabo os criterios de avaliación recollidos na unidade didáctica de formación en empresa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	13	12

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
2	A enerxía solar e a produción eléctrica. Marco normativo e conceptos básicos.	Nesta unidade introdúcense as instalacións solares fotovoltaicas (ISFV) dentro as formas de aproveitamento da enerxía solar. Introdúcense os diferentes tipos de ISFV e se contextualiza a produción eléctrica fotovoltaica entre os diferentes sistemas de produción eléctrica, analizando cuestións como a dispoñibilidade de materias primas, custo enerxético da fabricación e posta e marcha, xeración e xestión de residuos, efectos medioambientais e sociais, capacidade de produción e implicacións no sistema de consumo. <u>Estudaranse tamén as características e parámetros a ter en conta no estudo do aproveitamento da enerxía solar.</u>	8	12
3	ISFV: subsistemas e elementos.	Nesta unidade trabállanse os subsistemas que configuran as ISFV e os elementos que os compoñen.	8	18
4	Configuración de Instalacións Solares Fotovoltaicas. ISFV illadas e de autoconsumo.	Nesta unidade abórdase o proceso de deseño, dimensionado e configuración (elección de equipamentos) das ISFV a partir dos parámetros da enerxía solar recibida e da estimación de consumo.	7	16
5	Conexión á rede das instalacións de enerxía solar fotovoltaica	Nesta unidade abórdanse as condicións e procedementos para a conexión á rede das plantas solares, tanto de autoconsumo como de produción.	5	16
6	Normas de prevención de RRL e de protección ambiental na montaxe e mantemento de ISFV.	Nesta unidade preténdese que se coñezan as normas e medidas a aplicar nas instalacións solares fotovoltaicas referidas a prevención de riscos laborais así como a protección do medio ambiente.	4	10
7	Montaxe e posta en marcha de ISFV.	Nesta unidade traballarase a planificación e execución das distintas fases de montaxe dunha instalación solar fotovoltaica.	8	16

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	13

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mantén instalacións solares fotovoltaicas aplicando técnicas de prevención e detección, e relaciona as disfuncións coas súas causas.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Medíronse os parámetros de funcionamento.
CA5.2 Limpáronse os paneis.

Criterios de avaliación
CA5.3 Revisouse o estado da estrutura de soporte.
CA5.4 Comprobouse o estado das baterías.
CA5.5 Propuxéronse hipóteses das causas da avaría e da súa repercusión na instalación.
CA5.6 Localizouse o subsistema, o equipamento ou o elemento responsable da disfunción ou da avaría.
CA5.7 Substituíronse ou reparáronse os compoñentes causantes da avaría.
CA5.8 Verificouse a compatibilidade do elemento instalado.
CA5.9 Restablecéronse as condicións de funcionamento do equipamento ou da instalación.
CA5.10 Respectáronse criterios de seguridade e calidade.
CA5.11 Identifícanse os tipos de mantemento a aplicar nas ISFV (preventivo, predictivo e correctivo), as tarefas asociadas aos mesmos e os axentes implicados e realizouse a súa planificación.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Tipos de mantemento: preventivo, predictivo, correctivo. Instrumentación asociada ao mantemento de ISFV: cámara termográfica, trazador de curvas IV, pinza amperimétrica de CC, ... Planificación e axentes do mantemento.</p> <p>0Compatibilidade de equipamentos.</p> <p>Instrumentos de medida específicos: solarímetro, densímetro, etc.</p> <p>Revisión de paneis: limpeza e comprobación de conexións.</p> <p>Conservación e mantemento de baterías.</p> <p>Comprobacións dos reguladores de carga.</p> <p>Comprobacións dos convertedores.</p> <p>Comprobación dos equipamentos de medida.</p> <p>Avarías tipo en instalacións fotovoltaicas.</p>

Contidos
Sistemas de diagnose de avarías.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A enerxía solar e a produción eléctrica. Marco normativo e conceptos básicos.	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos que configuran as instalacións de enerxía solar fotovoltaica, e analiza o seu funcionamento e as súas características.	NO
RA2 - Configura instalacións solares fotovoltaicas e xustifica a elección dos elementos que a conforman.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse os tipos de instalacións de enerxía solar.
CA1.8 Identifícase a normativa.
CA2.4 Determinouse a produción para sistemas fixos e con seguidor, utilizando aplicacións informáticas.
CA2.4.1 Interpretáronse axeitadamente os parámetros solares (irradiancia, irradiación, azimut e elevación solares, masa solar, ...).
CA2.4.2 Obtivéronse e interpretáronse diferentes representacións dos parámetros solares a empregar na estimación de produción: cartas solares, táboas de irradiación.
CA2.9 Aplícase a normativa.
CA2.9.1 Aplícase o CTE na determinación mínimos obrigatorios.

Criterios de avaliación

CA2.9.2 Comprendeuse o marco normativo a nivel socio-económico: mercado enerxético, subastas de produción, balance neto e compensación simplificada de excedentes.

4.2.e) Contidos
Contidos

Tipos de ISFV: autónomas, autoconsumo, de produción. Normativa asociada.

Normativa.

Normativa aplicable.

Indicacións do CTE en materia de enerxías renovables.

Marco normativo en produción e autoconsumo.

Niveis de radiación: unidades de medida.

Zonas climáticas. Masa solar.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	ISFV: subsistemas e elementos.	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos que configuran as instalacións de enerxía solar fotovoltaica, e analiza o seu funcionamento e as súas características.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Recoñeceuse o principio de funcionamento das células.
CA1.3 Identifícanse os parámetros e as curvas características dos paneis.
CA1.4 Descríbense as condicións de funcionamento dos tipos de baterías.
CA1.5 Descríbense as características e a misión do regulador.
CA1.6 Clasifícanse os tipos de convertedores.
CA1.7 Identifícanse as proteccións necesarias.
CA1.8 Identifícase a normativa.
CA1.9 Interpretouse a simboloxía normalizada polo sector.
CA1.10 Identifícanse planos e esquemas de conexión.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>0Proteccións.</p> <p>Normativa.</p> <p>Simboloxía normalizada polo sector.</p> <p>Planos e esquemas.</p> <p>Tipos de paneis.</p> <p>Fabricación de paneis.</p> <p>Placa de características.</p>

Contidos
<p>Paneis con reflectantes.</p> <p>Sistemas de agrupamento e conexión de paneis.</p> <p>Tipos de acumuladores.</p> <p>Reguladores: función e parámetros característicos.</p> <p>Convertedores: función, tipos e principio de funcionamento.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Configuración de Instalacións Solares Fotovoltaicas. ISFV illadas e de autoconsumo.	7

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura instalacións solares fotovoltaicas e xustifica a elección dos elementos que a conforman.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Interpretouse a documentación técnica da instalación.
CA2.2 Debuxáronse os esbozos e os esquemas necesarios para configurar a solución proposta.
CA2.3 Calculáronse os parámetros característicos dos elementos e dos equipamentos.
CA2.4 Determinouse a produción para sistemas fixos e con seguidor, utilizando aplicacións informáticas.
CA2.4.3 Empregáronse os parámetros solares da instalación na determinación da produción de sistemas solares fixos e con seguidor, utilizando aplicacións informáticas.
CA2.5 Seleccionouse a estrutura soporte dos paneis.

Criterios de avaliación
CA2.6 Consultáronse catálogos comerciais.
CA2.7 Seleccionáronse os equipamentos e os materiais necesarios.
CA2.8 Elaborouse o orzamento.
CA2.9 Aplicouse a normativa.
CA2.9.3 Aplicáronse dos pregos de condicións do IDAE na configuración de ISFV illadas e conectadas a rede.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Normativa aplicable.</p> <p>0Cálculo de baterías.</p> <p>Caídas de tensión e sección de condutores.</p> <p>Cálculo da produción en sistemas fixos e con seguidor, utilizando aplicacións informáticas.</p> <p>Valoración da conveniencia ou non de seguidor.</p> <p>Pregos de condicións IDAE.</p> <p>Recomendacións para a elaboración de esbozos e esquemas.</p> <p>Rendemento solar.</p> <p>Orientación e inclinación.</p> <p>Determinación de sombras.</p> <p>Coefficientes de perdas.</p> <p>Cálculo de paneis.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Conexión á rede das instalacións de enerxía solar fotovoltaica	5

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece as condicións de conexión á rede das instalacións solares fotovoltaicas atendendo á normativa.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Elaborouse un informe de solicitude de conexión á rede.
CA6.2 Descríbense as perturbacións que se poden provocar na rede e na instalación.
CA6.3 Identifícaronse os esquemas de conexión.
CA6.4 Identifícaronse as proteccións específicas.
CA6.5 Descríbense as probas de funcionamento do convertedor.
CA6.6 Recoñeceuse a composición do equipamento de medida.
CA6.7 Aplicouse a normativa.

4.5.e) Contidos

Contidos
Regulamentación.
0Medida de enerxía exportada e importada.
Condições económicas.

Contidos
Solicitude e condicións.
Parámetros de calidade da subministración á rede. Rangos de tensión e frecuencia.
Punto de conexión.
Proteccións.
Terras.
Harmónicos e compatibilidade electromagnética.
Conexión provisional e definitiva.
Verificacións.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Normas de prevención de RRLL e de protección ambiental na montaxe e mantemento de ISFV.	4

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos de prevención.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.
CA7.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA7.4 Descríbense os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

Criterios de avaliación

CA7.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA7.6 Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento das instalacións solares fotovoltaicas e as súas instalacións asociadas.

CA7.7 Identifícaronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.

4.6.e) Contidos
Contidos

Identificación de riscos.

Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.

Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

Equipamentos de protección individual.

Cumprimento da normativa de protección ambiental.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Montaxe e posta en marcha de ISFV.	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta os paneis solares fotovoltaicos ensamblando os seus elementos, e verifica o seu funcionamento.	SI
RA4 - Monta instalacións solares fotovoltaicas, para o que interpreta documentación técnica, e logo verifica o seu funcionamento.	SI
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos de prevención.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describiuse a secuencia de montaxe.
CA3.2 Realizáronse as medidas para asegurar a orientación.
CA3.3 Seleccionáronse as ferramentas, os equipamentos e os medios de seguridade para a montaxe.
CA3.4 Colocáronse os soportes e as ancoraxes.
CA3.5 Fixáronse os paneis sobre os soportes.
CA3.6 Interconectáronse os paneis.
CA3.7 Conectáronse a terra os paneis.
CA3.8 Realizáronse as probas de funcionalidade e os axustes necesarios.
CA3.9 Respectáronse criterios de seguridade e calidade.
CA4.1 Interpretáronse os esquemas da instalación.
CA4.2 Seleccionáronse as ferramentas, os compoñentes, os equipamentos e os medios de seguridade para a montaxe.
CA4.3 Situéronse os acumuladores na localización adecuada.
CA4.4 Colocouse o regulador e o convertedor segundo as instrucións do fabricante.
CA4.5 Interconectáronse os equipamentos e os paneis.
CA4.6 Conectáronse as terras.
CA4.7 Realizáronse as probas de funcionalidade, os axustes necesarios e a posta en servizo.
CA4.8 Respectáronse criterios de seguridade e calidade.

Crterios de avaliación

CA7.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.

CA7.8 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

CA7.9 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.7.e) Contidos**Contidos**

Técnicas de traballo mecánico.

Estruturas de suxeición de paneis: Tipos de esforzos: cálculo elemental de esforzos. Materiais: soportes e ancoraxes.

Sistemas de seguimento solar.

Motorización e sistema automático de seguimento solar.

Seguidores: tipoloxía.

Estrutura dos sistemas de seguimento.

Ferramentas de montaxe.

Integración arquitectónica e urbanística.

Características da localización dos acumuladores.

Riscos dos sistemas de acumulación.

Conexión de baterías.

Localización e fixación de equipamentos e elementos: conexión.

Esquemas e simboloxía.

Conexión a terra.

Ferramentas e equipamentos específicos.

Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles serán os indicados a continuación para cada unha das unidades didácticas.

UD1:

CA5.1 - Medíronse os parámetros de funcionamento.

CA5.10 - Respectáronse criterios de seguridade e calidade.

CA5.11 - Identifícaronse os tipos de mantemento a aplicar nas ISFV (preventivo, predictivo e correctivo), as tarefas asociadas aos mesmos e os axentes implicados e realizouse a súa planificación.

UD2:

CA1.1.- Clasifícaronse os tipos de instalacións de enerxía solar.

CA1.8.- Identifícouse a normativa.

CA2.4.1.- Interpretáronse axeitadamente os parámetros solares (irradiancia, irradiación, azimut e elevación solares, masa solar, ...).

UD3:

CA1.3 - Identifícaronse os parámetros e as curvas características dos paneis.

CA1.4 - Describíronse as condicións de funcionamento dos tipos de baterías.

CA1.5 - Describíronse as características e a misión do regulador.

CA1.6 - Clasifícaronse os tipos de convertedores.

CA1.7 - Identifícaronse as proteccións necesarias.

CA1.8 - Identifícouse a normativa.

CA1.9 - Interpretouse a simboloxía normalizada polo sector.

CA1.10 - Identifícaronse planos e esquemas de conexión.

UD4:

CA2.1 - Interpretouse a documentación técnica da instalación.

CA2.2 - Debuxáronse os esbozos e os esquemas necesarios para configurar a solución proposta.

CA2.3 - Calculáronse os parámetros característicos dos elementos e dos equipamentos.

CA2.5 - Selecionouse a estrutura soporte dos paneis.

CA2.7 - Seleccionáronse os equipamentos e os materiais necesarios.

CA2.8 - Elaborouse o orzamento.

CA2.9.4 - Aplicáronse dos pregos de condicións do IDAE na configuración de ISFV illadas e conectadas a rede.

UD5:

CA6.1 - Elaborouse un informe de solicitude de conexión á rede.

CA6.3 - Identificáronse os esquemas de conexión.

CA6.4 - Identificáronse as proteccións específicas.

CA6.5 - Describíronse as probas de funcionamento do convertedor.

CA6.7 - Aplicouse a normativa.

UD6:

CA7.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.

CA7.4 - Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

CA7.6. Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento das instalacións solares fotovoltaicas e as súas instalacións asociadas.

CA7.8. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

CA7.9. Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

UD7:

CA3.1 - Describiuse a secuencia de montaxe.

CA3.4 - Colocáronse os soportes e as ancoraxes.

CA3.5 - Fixáronse os paneis sobre os soportes.

CA3.6 - Interconectáronse os paneis.

CA3.8 - Realizáronse as probas de funcionalidade e os axustes necesarios.

CA3.9 - Respectáronse criterios de seguridade e calidade.

CA4.1 - Interpretáronse os esquemas da instalación.

CA4.4 - Colocouse o regulador e o convertedor segundo as instrucións do fabricante.

CA4.5 - Interconectáronse os equipamentos e os paneis.

CA4.6 - Conectáronse as terras.

CA4.7 - Realizáronse as probas de funcionalidade, os axustes necesarios e a posta en servizo.

CA4.8 - Respectáronse criterios de seguridade e calidade.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación do módulo calcularase como a media ponderada das cualificacións das unidades didácticas. O peso dos diferentes instrumentos de avaliación será do 40% para as tarefas e exercicios prácticos e do 60% para as probas escritas.

As probas escritas constarán dunha serie de preguntas de carácter teórico e/ou de exercicios prácticos de aplicación que terán un valor que se indicará na propia proba. Os traballos e informes que se lles solicite ao alumnado valoraranse mediante unha lista de cotexo, de acordo co obxectivo que se persiga en cada tarefa. Poderase requirir o completado de tarefas non cualificables previa á realización ou entrega de certas probas ou como requisito para a valoración das mesmas.

A nota correspondente a cada sesión de avaliación parcial corresponderase coa parte enteira sen decimais da media ponderada da notas das UD's vistas ata ese momento, sempre e cando estean superados todos os CAs indicados como mínimos exixibles. No caso de non acadar os mínimos exixibles ou non acadar o 5 na avaliación, a nota máxima no boletín será de 4. A nota da segunda avaliación corresponderase coa final no caso de ser superior a 5.

***NOTA: as tarefas cualificables entregadas fóra de prazo non serán tidas en conta para a cualificación sen a correspondente xustificación. Os CAs que non poidan ser avaliados mediante as correspondentes tarefas serán avaliados mediante un exame teórico e/ou práctico ao final do trimestre.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación recollerán os CA pendentes, con especial énfase nos considerados mínimos exixibles.

a) Aqueles que sexan avaliados mediante PE revisaranse de forma individual para aclarar dúbidas e propoñeranse actividades e/ou exercicios para a súa correcta adquisición. As actividades que se propoñan poden ser de entrega obrigatoria para ter dereito á realización da PE de recuperación. Esta proba escrita poderá ser substituída por un traballo que se axuste aos criterios a avaliar.

b) Os CA avaliados mediante TO ou TC correspóndense coa realización de prácticas e/ou traballos, polo que se valorará cal foi o problema particular e se propoñerá un mecanismo axeitado para a súa recuperación. Cando a non superación sexa debida á non entrega en prazo, estes CAs serán avaliados mediante unha proba teórico-práctica no final do trimestre.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

Aquel alumnado ao que se lle aplique a perda de dereito de avaliación continua por un número de ausencias non xustificadas superior 6 (ou xustificadas e non superior a 9) , terá dereito a un exame final en marzo antes do paso á estadía na empresa ou setembro, tendo que escoller entre ambos.

As probas recollerán unha selección de todos os CA establecidos no currículo con especial énfase nos mínimos exixibles que se listan no apartado 5.

Para tal fin utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Unha ou varias probas escritas que constarán de preguntas, resolución de problemas, etc. Estas probas serán similares ás desenvolvidas ao longo do curso. (Para os criterios avaliados con PE)
- Proba práctica que constará de actividades similares ás realizadas ó longo do curso. (Para os criterios avaliados con LC)
- Entrega de todos os informes propostos ao longo do curso. (Para os criterios avaliados con TO)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase cunha periodicidade mínima mensual (e desexablemente semanal/diaria) na aplicación web da consellería.

Para a avaliación da práctica docente realizaranse:

Cuestionarios aos alumnos sobre actividades máis ou menos exitosas en termos de motivación e aproveitamento e sobre a metodoloxía e práctica da docente.

Entrevistas individuais cos alumnos ou diálogo directo co grupo.

Análises dos resultados do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo da primeira UD realizarase unha proba de avaliación inicial do alumnado a través dun cuestionario na aula virtual sobre os contidos básicos do módulo e as capacidades mínimas necesarias para poder acadar unha avaliación final positiva. Esta proba centrarase nas destrezas matemáticas básicas precisas para o módulo (operacións básicas, ecuacións, potencias de 10 e prefixos do SI de unidades, trigonometría), conceptos electrotécnicos e electrónicos básicos (CC vs CA, conexión de baterías, circuitos serie e paralelo, dispositivos de protección eléctrica, cálculo de seccións, potencia e enerxía, díodos, conversores DC-AC ...) e movementos da terra, coordenadas terrestres, puntos cardinais...

As conclusións extraídas poñerémolas en común na reunión de avaliación inicial do equipo docente, na que tamén se nos comunicará outra información que obre en mans do Departamento de Información e Orientación Profesional do centro e que sexa relevante para o proceso de ensino-aprendizaxe. Das conclusións da reunión tomaranse as medidas oportunas en colaboración co DIOP, tendo en conta os protocolos da Consellería de Educación que sexan de aplicación e que están recollidos en <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764>.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que non responda aos obxectivos programados globalmente establecerase un seguimento individualizado con diversificación no grao de dificultade das tarefas e/ou flexibilizacións na avaliación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais que teñen máis presenza no módulo son:

· Educación para a saúde: Este tema está relacionado co bloque de saúde laboral. Intentaremos concienciar o alumnado da importancia que ten que ter unha boas condición de seguridade e hixiene no seu entorno laboral. Ademais de transmitirlle que a saúde é un dereito fundamental do traballador e unha obriga para o empresario.

· Educación medioambiental: É fundamental concienciar o alumnado que tanto o traballador como o empresario teñen que ter unha actitude responsable co entorno medioambiental co que interactúan na súa actividade laboral. Especialmente co o uso indiscriminado de materiais, aceites, embalaxes, etc.

· Educación para o consumo: trataremos que o alumnado tome conciencia dos problemas que se derivan do consumismo e como poden combatelo.

· Educación para a paz: Concienciar o alumnado que deben de ter unha actitude calma e reflexiva á hora de enfrontarse a situación conflitivas, toma de decisión e sempre desde unha óptica tolerante e mostrando un profundo rechazo a actitudes violentas.

· Educación para a igualdade: Intentaremos por unha parte concienciar o alumnado que a igualdade e un dereito recollido na Constitución española e posteriormente no Estatuto de Traballadores(ET). Por outra parte, concienciar o alumnado de que tanto home e a muller poden desempeñar os menos postos de traballo e que ningún traballador pode ser discriminado por razón de sexo, raza, estado civil, etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ademais de facilitar na medida do posible a participación do alumnado nas actividades propostas polo resto do equipo docente, o departamento de Electricidade e Electrónica ou o departamento de FOL, propórase a realización das seguintes ACFs:

* Visita a Parque Eólico Experimental Sotavento (<https://www.sotaventogalicia.com/>) ou visita á central hidroeléctrica do Ézaro (incluíndo a visita á fábrica de ferroaleacións de XEAL). ---> Non se realizará porque neste grupo están limitadas as saídas.

* Charla en colaboración co profesorado do máster de enerxías renovables da USC e/ou persoal do INEGA.

* Actividade de actualización e presentación material co distribuidor Metalux e/ou asistencia á Feira da Enerxétika 2024 (<https://www.enerxetika.com/>).

* Visita a ISFV de diversos tipos. ---> Non se realizará porque neste grupo están limitadas as saídas.

* Actividade de mantemento predictivo con Applus.

* Actividade de sensibilización sobre Tecnoloxías apropiadas e Enerxías renovables coa asociación Enxeñaría sen Fronteiras.

Ademais favorecerase dentro do posible a participación nas conmemoración e celebracións propostas polo centro como poden ser o magosto, entroido, celebración das letras galegas, día contra a violencia de xénero (25 de novembro), día da discapacidade (3 de decembro), Dende o traballo dos aspectos transversais intentarase tratar tamén as conmemoracións do día da paz e a nonviolencia (30 de xaneiro), da igualdade de xénero (11 de febreiro e 8 de marzo).

A realización destas actividades está supeditada á súa aprobación no equipo docente e no departamento de Electricidade e Electrónica, e á previsión da adecuada participación do alumnado nas mesmas.